

Resolución do 14 de setembro pola que se convocan 4 talleres de formación en prevención das enfermidades da voz no ámbito laboral, e se establecen as bases da convocatoria

O Plan de actuación do Instituto de Seguridade e Saúde Laboral de Galicia (ISSGA) para o ano 2023 recolle no seu eixe 5 "Promoción da prevención, mellora da xestión e redución da sinistralidade" na ficha 5.26 "Profesionais da voz" a realización de actividades formativas teórico-prácticas, impartida por persoal técnico da área de medicina do traballo do ISSGA e por logopedas, que permitirá ao alumnado coñecer os trastornos da voz, identificar os factores de risco relacionados coa súa actividade e adquirir técnicas para mellorar o uso da voz, con prácticas específicas sobre xesto corporal, xesto vocal e exercicios de quecemento vocal.

En consecuencia, resolvo:

- 1. Convocar 4 talleres de formación en prevención das enfermidades da voz no ámbito laboral** para os profesionais da voz.

O taller desenvolveranse conforme as bases que figuran no **anexo I** desta resolución.

- 2. A selección do alumnado** realizarase previa convocatoria pública coa difusión polos seguintes medios:

- Páxina web do ISSGA.

E, no seu caso, a través de:

- Especialistas no coidado da voz.
- Empresas do sector, etc.

Santiago de Compostela, na data e hora da sinatura

A xerente do Instituto de Seguridade e Saúde Laboral de Galicia

Adela Quinzá-Torroja García

Edificio SL35
Avda. Fernando Casas Novoa, 35 B - 3º C-D
15707 Santiago de Compostela
T. +34 981 544 625
issga@xunta.gal







ANEXO I

BASES DA CONVOCATORIA DE 4 TALLERES DE FORMACIÓN EN PREVENCIÓN DAS ENFERMIDADES DA VOZ NO ÁMBITO LABORAL

Identificación dos talleres convocados, duración, número de prazas convocadas, lugares e contido:

Nº de edicións: 4	Nº de horas /edición: 10	Nº de prazas por edición: 15	
Datas do taller. O ISSGA publicará na súa páxina web as datas, horario e lugares definitivos onde se impartirán os talleres.			
Prazo de inscrición: dende a publicación da convocatoria ata cinco días antes do inicio do taller (o prazo é ampliable ata alcanzar o número máximo de alumnos/as).			
Provincia	Localización	Datas	Horario
A Coruña	Centro ISSGA da Coruña <i>Rúa Doutor Camilo Veiras, nº 8. 15006 A Coruña</i>	9 e 10 de outubro	9:00 a 14:00 horas
Lugo	Centro ISSGA de Lugo <i>Ronda de Fingoi, 170 27071 Lugo</i>	28 e 29 de setembro	9:00 a 14:00 horas
Ourense	Centro ISSGA de Ourense <i>Calle de Villaamil y Castro s/n 32004 Ourense</i>	19 e 20 de outubro	9:00 a 14:00 horas
Pontevedra	Centro ISSGA de Pontevedra <i>Camino do Coto Coello,nº2. Rande 36812 Pontevedra</i>	26 e 27 de outubro	9:00 a 14:00 horas

1. Obxectivo dos talleres:

Estímase que unha terceira parte da poboación laboral son profesionais da voz, é dicir, son persoas que utilizan a voz como principal ferramenta de traballo, sen a cal non poderían desenvolver as súas tarefas con normalidade. É necesario facilitar aos profesionais da voz acceso a unha formación preventiva





teórico-práctica en relación cos riscos derivados do uso continuado e sostido da voz que interveñen na aparición das enfermidades profesionais e como previlas.

Os obxectivos desta formación son:

- Comprender a voz e o seu complexo funcionamento, introducindo unhas nocións de anatomía e fisioloxía.
- Enumerar e describir os diferentes trastornos da voz.
- Identificar aquelas actividades laborais nas que se realizan esforzos sostidos da voz por motivos profesionais.
- Coñecer cales son os factores de risco intrínsecos e extrínsecos para a voz e como controlalos.
- Adquirir técnicas para mellorar o uso da voz: prácticas específicas sobre xesto corporal, xesto vocal e exercicios de quecemento vocal.
- Aplicar, ao posto de traballo os coñecementos adquiridos sobre o correcto uso da voz.
- Facilitar a detección e intervención terapéutica precoz das patoloxías profesionais da voz relacionadas coa exposición laboral.
- Destacar a importancia da vixilancia da saúde para detección e intervención precoz das patoloxías profesionais da voz e a implantación de medidas preventivas.
- Recoñecer os signos de alerta ante posible patoloxía da voz con orixe laboral.
- Coñecer os circuítos de atención sanitaria das disfonías profesionais.
- Entender os conceptos básicos de rehabilitación vocal.

2. Desenvolvemento do taller:

- O ISSGA publicará na súa páxina web (<http://issga.xunta.gal/>), con antelación suficiente, as datas, horario e lugar onde se impartirá o taller.
- O talleres ten carácter presencial. É obrigatoria a asistencia e puntualidade a todas as sesións presenciais. A falta de asistencia, aínda que sexa xustificada, suporá a perda do dereito ao certificado de asistencia.

3. Persoas destinatarias e distribución das prazas:

Persoas traballadoras maiores de idade con interese na actividade a que se dirixe o curso, principalmente teleoperadores/as, docentes, locutores/as de radio e televisión e actrices, actores e cantantes e persoas que levan a cabo unha actividade laboral na que existe risco para a voz.





4. Criterios de selección:

No caso de haber máis solicitudes que prazas, os criterios de selección son:

- Grupo con prioridade 1: Profesionais da voz ou persoal con formación na materia (previa ou actual).
- Grupo con prioridade 2: resto de persoal.
Unha vez seleccionado este grupo, a selección entre estas persoas realizarase por orde de inscrición.

Xunto a solicitude de inscrición, a persoa interesada entregará a documentación que acredite a prioridade 1.

5. Solicitudes:

As solicitudes efectuaranse utilizando o formulario que se recolle no **anexo II** que se atopa dispoñible en formato editable na web do Issga (<http://issga.xunta.gal>). O prazo para presentar as solicitudes remata cinco días antes ao inicio de cada curso, que poderá ampliarse ata alcanzar o número máximo de 15 alumnos/as por taller.

As solicitudes poderanse presentar **por calquera dos seguintes medios:**

- Por correo electrónico, ao enderezo issga.formacion@xunta.gal
- Por entrega á empresa xestora, información no teléfono 686 32 95 97

Xunto coa solicitude deberá achegarse a seguinte documentación:

- Copia do DNI/ NIF / NIE/ Pasaporte
- De ser o caso, documentación xustificativa de pertenza ao colectivo prioritario (epígrafe 5, criterios de selección)

Esixirase un mínimo de 8 alumnos/as por taller. No caso de non chegar a este mínimo, o ISSGA poderá cambiar as datas previstas de desenvolvemento ou anulalo, o que se comunicará con antelación suficiente ás persoas solicitantes.

6. Acreditación da formación:

Ao remate de cada taller o ISSGA expedirá certificado de asistencia ao alumnado.





7. Control e seguimento das accións formativas:
O control e seguimento das accións formativas realizarase polo persoal técnico do ISSGA.
8. Custo dos talleres e financiamento:
A asistencia a estes talleres será gratuíta para as persoas seleccionadas.





ANEXO II

CURSO DE FORMACIÓN EN PREVENCIÓN DAS ENFERMIDADES DA VOZ NO ÁMBITO LABORAL

Centro ISSGA

Datas

DATOS PERSOAIS

Primeiro apelido	Segundo apelido	Nome	DNI/NIE
Enderezo	Localidade	Concello	Provincia
Código postal	Teléfono	Enderezo electrónico	Data nacemento

DATOS PROFESIONAIS E OUTROS

☐	Grupo de prioridade 1 para a selección do alumnado
	Profesionais da voz ou persoal con formación na materia (previa ou actual)
☐	Grupo de prioridade 2 para a selección do alumnado
	Resto do persoal

DECLARACIÓN

- Declaro a veracidade de todos os datos consignados nesta solicitude
- Xunto copia do DNI/NIE
- De ser o caso, xunto documentación que acredita que pertenzo ao grupo de prioridade 1 para a selección do alumnado:

.....
.....

INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS

Responsable do tratamento	Xunta de Galicia - Instituto de Seguridade e Saúde Laboral de Galicia
Finalidades do tratamento	Xestión da inscrición á formación solicitada, control de asistencia e emisión dos certificados de aproveitamento ou asistencia a dita formación. Desenvolvemento de accións formativas, de información e divulgación en materia de prevención de riscos laborais. Captación e difusión das imaxes realizadas durante as actividades. Xestión das listas de distribución para o envío de información doutros cursos, xornadas ou eventos similares que poida ser de interese.
Lexitimación para o tratamento	Cumprimento dunha misión realizada en interese público ou no exercicio de poderes públicos (Lei 14/2007, do 30 de outubro pola que se crea e regula o Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral). Consentimento outorgado pola persoa interesada para a captación e difusión das imaxes da actividade e para o envío de información.





Destinatarios dos datos	Non se prevén comunicacións a terceiros Así mesmo, as imaxes captadas durante a realización das xornadas poderán ser difundidas a través de páxina web institucional da Xunta de Galicia e do ISSGA, informes de actuación e publicacións técnicas destes organismos.
Exercicio de dereitos	As persoas interesadas poderán solicitar ante o responsable do tratamento o acceso, rectificación, limitación, portabilidade e supresión dos seus datos, así como opoñerse ao seu tratamento, a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común segundo se recolle en: https://www.xunta.gal/exercicio-de-dereitos Así mesmo, as persoas interesadas poderán retirar o consentimento previamente outorgado dirixindo a súa solicitude a issga.formacion@xunta.gal . A retirada do consentimento non afectará a licitude do tratamento baseada no consentimento previo á súa retirada.
Contacto delegado/a de protección de datos e información adicional	https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos

Autorizo o tratamento dos datos para a captación e publicación das imaxes.

Non autorizo o tratamento dos datos para captación e publicación das imaxes.

Autorizo o tratamento dos datos para recibir información doutros cursos, xornadas ou eventos similares que poidan ser de interese.

Non autorizo o tratamento dos datos para recibir información doutros cursos, xornadas ou eventos similares que poidan ser de interese.

SINATURA DA PERSOA SOLICITANTE

Lugar:

Data:

DESTINATARIO

Xerencia do Instituto de Seguridade e Saúde Laboral de Galicia

